

EXPLICACIÓN TEXTO ARISTÓTELES *ANIMAL POLÍTICO*

Aparte do ser humano, existen outros moitos animais que viven en sociedade ou en comunidades de individuos da mesma especie (os **animais gregarios**), pero tan só o home vive dentro da **comunidade política** (koinoné politiké). Por tanto, tan só do ser humano cabe afirmar que é un **animal político** (zoón politikón). Hai moitos tipos de sociedades, pero non todas son comunidades políticas. As familias e as aldeas son citadas no texto polo filósofo grego. O **ser humano** é un animal propiamente político por vivir dentro da **polis** (a comunidade política). Xa dixemos que o propio filósofo indica que hai outros animais que tamén viven en sociedade, e sen embargo, Aristóteles non os considera animais cívicos.

Certamente, segundo Aristóteles, os animais que viven en sociedade son seres sociais ou gregarios, pero non son seres políticos. A xustificación parte do argumento de Aristóteles baseado no uso da **palabra** (do que carecen os animais gregarios). Efectivamente, os **animais que viven en sociedade** posúen a **voz** (phoné,sonido) para comunicar as sensacións internas e/ou externas que perciben mediante os seus órganos dos sentidos aos seus conxéneres (por exemplo, dor, fame, perigo, etc.). Pero como veremos un pouco máis abaixo, carecen da palabra (logos).

O principal argumento para xustificar que o **humano** é un **animal político** ten que ver coa **palabra** (logos, pensamento-linguaxe). Por natureza, debido a nosa propia forma especificamente humana de ser, estamos capacitados para converternos en animais políticos debido ao uso da palabra. Mediante a palabra os seres humanos somos capaces de comunicar diversas sensacións (como o pracer e a dor). Pero, ademais, podemos transmitir **nocións de carácter ético-político** (por exemplo, podemos falar do que é xusto ou inxusto, do que está ben e do que está mal, o que é correcto e incorrecto, etc.). Así pois, **phoné**, máis ben ten que ver con transmitir certo tipo de **sensacións** que captan os órganos dos **sentidos**. Mentras que **logos**, ten que ver coa comunicación de termos morais e políticos. Todas estas distincións do tipo xusto/inxusto son fundamentais para a construción das normas. Particularmente, as normas xurídicas ou **leis** que rixen na comunidade política. Aristóteles concibe a política esencialmente como **deliberación** colectiva ou pública entre cidadáns acerca das normas e das decisións polas que se goberna a polis. Precisamente, os cidadáns participan na vida política a base de debatir, discutir e deliberar respecto das normas e decisións a adoptar para a organización da vida na polis. Aristóteles considera que o ser humano é un animal político xa que está dotado por natureza para deliberar (bouleúsis) debido a que posúe a capacidade da palabra-linguaxe.

Hai outro argumento en base ao cal se defende a natureza esencialmente política do ser humano. Aparte do argumento baseado na palabra, no texto aparece outro razoamento de porqué o ser humano é un animal político. Certamente, o ser humano necesita da comunidade política (cidade-estado, polis) porque non é autosuficiente, nin para sobrevivir nin para vivir como humano. Con outras palabras, necesitamos da comunidade política (koinoné politiké), non só para sobrevivir, senón para vivir humanamente. Efectivamente,

mentras que a polis é autárquica; o home individualmente non é autosuficiente. O ser humano non se basta por sí só. Así pois, para atender ás **necesidades meramente primarias** ou básicas de carácter estritamente biolóxico (nutrición, protección, cobixo, etc.) existe a **familia**. Pero as **necesidades secundarias** (educación, cultura, moralidade, política, etc.) aquelas que temos en canto humanos, deben lograr a súa satisfacción dentro do marco da **comunidade política**.

Por suposto que a sociedade é anterior ao home individualmente falando, precisamos vivir en sociedade para satisfacer as necesidades vitais (illados dos nosos semellantes non sobreviviríamos). Pero ademais, se non convivísemos con outros humanos endexamais nos converteríamos en tales. Aristóteles afirma que para **ser plenamente humanos** non abonda coa familia (que atende unicamente ás necesidades primarias), faise necesaria unha forma superior de organización socio-política, a saber, a **cidade**. En conclusión, a comunidade é o primeiro en dous sentidos complementarios: en sentido cronolóxico, temporal, o humano cando nace xa nace dentro dunha organización social (por exemplo, a comunidade familiar). Pero a cidade tamén é primeiro en sentido axiolóxico, dos valores, do que é máis valioso ou importante; efectivamente, sen a comunidade, neste caso política, o ser humano nunca chegaría a ser plenamente humano.

Insisto no punto anterior que é tan importante. Volvemos ao asunto da **non-autosuficiencia humana**. Por suposto que a sociedade é anterior ao home individualmente falando, precisamos vivir en sociedade para satisfacer as necesidades vitais, pero ademais, se non convivísemos con outros humanos xamais nos converteríamos en persoas. Pero para ser plenamente humanos non abonda coa familia, faise necesaria unha forma superior de organización socio-política, a saber, a cidade. O filósofo grego utiliza a expresión *vivir ben* (que aparece no texto) e que non debe ser tomada no sentido de comodidade nin de confort ou luxo, senón que se debe entender no sentido de vivir humanamente. O termo que Aristóteles emprega para referirse a unha vida humana plena é *eudaimonía*, a saber, o pleno desenvolvemento da natureza humana. Este florecemento das capacidades humanas non se logra alcanzar en calquera forma de comunidade, senón unicamente no marco da comunidade política, isto é, a polis.

Evidentemente, os únicos seres que poden vivir illados ou afastados da sociedade non son humanos, senón seres, ben superiores ou ben inferiores ás persoas. Aristóteles baséase na tese de que **bestas e deuses** son **autosuficientes**. Os deuses inmortais do Olimpo son omnipotentes, isto é, todopoderosos, polo tanto, capaces de vivir sós se o desexasen. As bestas (Aristóteles non pon exemplos destes seres) serían en todo caso **animais sociais, non gregarios**. Os homes, como non somos nin bestas nin deuses, precisamos da comunidade política para desarrollarnos plenamente como seres humanos. E como nunca poderíamos chegar a ser deuses, no caso hipotético de que poidésemos sobrevivir afastados da sociedade, viviríamos como bestas.